

Ferrol garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén, non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un ciclo programado pola **Concellaría de Turismo, Patrimonio Histórico, Sanidade, Consumo, Benestar Animal e Mercados do Concello de Ferrol** que abre as portas de tesouros, habitualmente fechados, e deseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

**Reserva
a túa praza!**

As visitas guiadas que realizamos na Semana do Patrimonio Invisible baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos.

Por este motivo, as prazas para cada quenda de visitas son limitadas e o proceso de reserva precisa da confirmación mediante correo electrónico por parte da organización a cada visitante.


.....

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que cada solicitante poderá reservar un **máximo de 3 visitas para 2 persoas.**

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial e **completar o formulario de reservas:**

www.patrimonioinvisible.gal

Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



SEMANA DO PATRIMONIO INVISIBLE

Espazos agochados de Ferrol
Do 15 ao 16 de decembro 2023

3ª edición





Archivo Intermedio Militar do Noroeste

O Baluarte do Infante foi un dos puntos defensivos da muralla da Cidade-Praza de Ferrol.

Posteriormente, pasou a ser o cuartel de artillaría e actualmente acolle os interesantes fondos do Archivo Intermedio Militar do Noroeste.

Casa do Concello

A casa consistorial abre as súas portas para permitirnos coñecer o seu interior, os salóns nobres, a súa colección de arte e os espazos nos que se decide a vida política da cidade.

Cuartel de Dolores e Fontelonga

Esta obra deseñada por Sánchez Bort no século XVIII mantén a súa actividade como cuartel, o que o fai o máis antigo de España en funcionamento. Na visita percorrерemos o seu interior e tamén poderemos visitar os restos da antiga porta de Fontelonga, entrada marítima da muralla ferrolá.

Estación Naval da Graña

A través do túnel da Graña accederemos á Estación Naval, que se comezou a construír no século XVIII sendo o xerme do Arsenal Militar. A día de hoxe, no espazo ten a súa sede a ESENGRA (Escola de Especialidades da Estación Naval da Graña), un dos principais centros formativos da Armada.

Faro do cabo Prior

O faro do cabo Prior leva en funcionamento dende o ano 1854.

A súa luz e sereas guían dende aquela aos mariñeiros que navegan a costa ártabra, mais tamén conserva no seu interior historias e relatos de todos aqueles que viviron neste edificio situado nunha paisaxe imponente.

Navantia

Con máis de 250 anos de actividade, desde os estaleiros de Esteiro e o Arsenal Militar ás actuais instalacións de Navantia, este complexo industrial é parte imprescindible da historia da cidade.


Venerable Orde Terceira franciscana

Ao lado da igrexa de San Francisco, a capela da Venerable Orde Terceira é punto de referencia na celebración da Semana Santa e no Nadal, co seu singular belén.


Aínda así, os seus muros gardan máis de dous séculos da historia ferrolá por descubrir.

15

Venres




- 11 h** Archivo Intermedio Militar do Noroeste
- 12 h** Faro do cabo Prior
- 13 h** Faro do cabo Prior
- 16.30 h** Navantia
- 18 h** Concello
- 19 h** Venerable Orde Terceira franciscana



16

Sábado



- 11 h** Estación Naval da Graña
- 12 h** Venerable Orde Terceira franciscana
- 13 h** Cuartel de Dolores e Fontelonga
- 16.30 h** Navantia
- 18 h** Faro do cabo Prior
- 19 h** Concello

